




Deputación  
DA CORUÑA

Nº 72  
09/01/2018

# Boletín de Medio Ambiente



## Carballreira de Berdeogas

Concello: Dumbría.

Descrición: Esta carballreira, tamén coñecida como Devesa da Lúa, aséntase arredor das ourelas do río Berdeogas, na aldea homónima, e nun curto paseo de menos dun quilómetro poderemos ver un muíño de auga restaurado, típicos hórreos de pedra, un antigo pombal de planta circular e a igrexa barroca de Santiago de Berdeogas, todo nunha verde contorna.

O fin de semana anterior ás festas do Apostolo celébrase neste lugar a Festa da Familia.

## Noticias

### A UE acaba cos subsidios ao carbón

Os negociadores dos estados membros da UE e o Parlamento Europeo acordaron poñer fin a estes subsidios, dentro das medidas políticas emprendidas pola Comisión Europa no campo da acción climática.

De acordo co texto aprobado, as centrais eléctricas que xeren máis de 550 gramos de CO<sup>2</sup> por quilowatt-hora de electricidade non poderán ter estes subsidios, chamados pagos por capacidade. No caso das novas centrais, a medida entrará en vigor no ano 2020 mentres que nas centrais que xa están en funcionamento, a súa participación será posible só até o 1 de xullo de 2025.

Fonte: La Vanguardia

### A escaseza de coches eléctricos na Coruña

Na cidade de Coruña só hai 85 coches eléctricos matriculados. Son 33 máis que un ano antes, o cuádruplo que en 2014 e 79 máis que os que había en 2010, pero a porcentaxe é ínfima en relación ao parque de automóbiles da cidade: só seis de cada 10.000 vehículos, entre un total de 141.666, son eléctricos.

A escaseza de puntos de recarga de coches eléctricos na cidade (só sete e non funcionan) e o seu elevado prezo (entre un 30% e un 40% máis que un coche de gasolina ou diésel) son as razóns principais que impiden que o coche eléctrico seduza aos condutores, segundo os expertos do sector.

Fonte: La Opinión de Coruña

## Alemaña cerra a súa última mina de carbón negro

O 21 de decembro do 2018 cerrouse a última mina de carbón negro en Alemaña, poñendo fin a case 200 anos de historia. O peche realizouse cunha cerimonia de clausura que consistiu en pasar un anaco de carbón do tamaño dunha pelota de fútbol de mineiros ao presidente de Alemaña Frank-Walter Steinmeier. Leste foi o último anaco de carbón negro extraído desta mina.

A mina Prosper-Haniel atópase na cidade de Bottrop. Formou parte dunha rede de minas que se encargaban de proporcionar o carbón ás fábricas de aceiro do Val do Ruhr e algunhas outras industrias.

En Alemaña seguen existindo minas de lignito ao descuberto ou carbón marrón. Finalmente estas serán cerradas nos próximos anos. Pero aínda dúas quintas partes da enerxía de Alemaña obtense queimando carbón, este impórtase desde Rusia, Estados Unidos e Colombia. Calcúlase que nas próximas dúas décadas, tempo estimado para cerrar as últimas 120 centrais eléctricas de carbón restantes, o carbón continúe chegando a Alemaña desta mesma maneira.

Fonte: Ecoinventos

## Estados Unidos volve á senda contaminante

Estados Unidos volveu a dar mostras contundentes do seu poder contaminante. Tras tres anos á baixa, as emisións de dióxido de carbono da primeira potencia mundial aumentaron un 3,4% en 2018, o maior incremento en oito anos, mesmo despois do peche dunha cantidade marca de minas de carbón en todo o país. Os informes confirman que EEUU sigue sendo o segundo país máis contaminante do planeta, cun aumento do 1,9% nas emisións de gases de efecto invernadoiro de todo o seu sector enerxético.

Fonte: El Mundo

## Luns Verdes

Desde esta semana varios restaurantes e hoteis de Francia sumáronse á iniciativa dos luns verdes. A campaña busca animar aos franceses a deixar de comer carne e pescado un día á semana. A proposta impulsárona 500 personalidades de Francia, entre as que se encontra a actriz Juliette Binoche.

Hai infinidade de estudos que recomendan moderar o consumo de proteínas animais. Os horarios laborais actuais imponen novas formas para comer, e en Francia os promotores dos luns verdes creen que hai que tomar medidas para fomentar unha vida máis saudable.

Aseguran que con este xesto axúdase tamén a reducir as emisións de gases efecto invernadoiro. Segundo os seus datos, a produción gandeira emite case un 15% do total dos gases que danan o medio ambiente. Así que substituír un bo filete de boi, de porco, ou de pito, axuda a manter o planeta máis san.

Fonte: 20 Minutos

## Sabías que...

con enerxía xeotérmica podemos climatizar e obter auga quente doméstica de forma sustentable, aproveitando a calor que xera o subsolo?

Trátase dunha enerxía limpa, eficiente e renovable, que pode usarse tanto en inmobles xa construídos como en novas construcións.

# Boas Prácticas

## Reino Unido súmase á prohibición de venda de cachorros nas tendas

O Ministerio británico de Medio Ambiente, Alimentación e Asuntos Rurais (Defra), decidiu prohibir a venda de cachorros de cans e gatos nas tendas de animais. Quen desexe adoptar ou comprar mascotas novas, debe de poñerse en contacto directamente cunha protectora ou un criador.

A decisión coincidiu coas festas do Nadal, a época do ano en que máis se venden mascotas, especialmente cans e gatos.

Fonte: El País

## California prohíbe o foie

A Corte Suprema de Estados Unidos ratificou o luns 7 de xaneiro a lei estatal de California pola que se prohíbe o foie e outros produtos derivados do engorde forzado de aves de granxa como o pato, ocas, gansos e similares; unha decisión xudicial que pon fin en California a unha longa batalla legal entre os fabricantes deste tipo de alimentos e os defensores dos animais.

A lei californiana foi aprobada en 2004 a proposta de grupos e persoas que combaten a crueldade cara aos animais, e nela establécense multas de 1.000 dólares en caso de infracción.

Fonte: La Vanguardia

## Actividades ambientais no Concello da Coruña

Os programas de educación ambiental postos en marcha polo Concello da Coruña sumaron durante o pasado ano unha participación que superou as 10.000 persoas. O programa anual desenvólvese a través de diferentes actividades como charlas, talleres e visitas a lugares de especial interese como a contorna de Cecebre, Bens, Nostión, os espazos naturais de interese local da cidade, os hortos urbanos ou os futuros puntos de observación de aves no Portiño.

As actividades terán continuidade ao longo do 2019 coa licitación do prego de contratación do servizo, que contará cun importe anual de 117.704€.

Fonte: La Voz de Galicia

## Axenda Ambiental

- Ata 14/01/2019 Becas para a realización de prácticas na OCDE nas áreas de ordenanza da auga e economía circular
- Ata 15/01/2019 Texer para Ler: SOS Cambio Climático. Segovia
- Ata 01/05/2019 VIDEOSFERA 2018, Concurso de vídeos en Reservas de Biosfera.

Deputación da Coruña

Servizo de Desenvolvemento Territorial e Medio Ambiente

Email: [medioambiente@dacoruna.gal](mailto:medioambiente@dacoruna.gal)